

## ESCOLAS DEPORTIVAS INVERNO 2021/2022

| Actividade   | Anos de nacemento                                           |
|--------------|-------------------------------------------------------------|
| Atletismo    | Nados/as entre os anos 2015 e 2009.                         |
| Baloncesto   | Nados/as entre os anos 2015 e 2006.                         |
| Nada e corre | Nados/as entre os anos 2014 e 2006 (Necesario saber nadar). |
| Pádel        | Nados/as entre os anos 2014 e 2004.                         |
| Patinaxe     | Nados/as entre os anos 2016 e 2006.                         |
| Tenis        | Nados/as entre os anos 2014 e 2006.                         |
| Voleibol     | Nados/as entre os anos 2014 e 2006.                         |

### INFORMACIÓN

Na páxina web do concello [www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal), a través do correo electrónico [deportes@ribeira.gal](mailto:deportes@ribeira.gal), na Oficina de Deportes do Complexo Deportivo A Fieiteira ou no teléfono 981 87 36 46 (horario de atención ao público é de 09.00 h. a 13.30 h.).

Tódalas datas que se indicarán nas seguintes bases teñen carácter informativo pero non son vinculantes, de xeito que, si acontecese algún imprevisto en algunha das fases do procedemento, a Oficina Municipal de Deportes poderá a cambialas motivadamente.

### PRAZO E FORMA DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES

#### 1. RENOVACIÓN

Do 13 ao 17 de setembro de 2021, as persoas que participaron nas Escolas Deportivas de Inverno na campaña anterior (2020/2021), poderán renovar a súa participación para a presente campaña.

As solicitudes faranse a través do rexistro xeral do concello de Ribeira das seguintes maneiras:

- De maneira presencial na Oficina de Atención Cidadá do Concello (atención ao público de 9.30 h. a 13.30 h.).
- De maneira telemática (necesario certificado dixital) no seguinte apartado – **SEDE ELECTRÓNICA – TRÁMITES EN LIÑA – SERVIZO DE DEPORTES – ESCOLAS DEPORTIVAS DE INVERNO**

A renovación dá dereito a reservar praza na mesma actividade e grupo no que se participou na tempada anterior (salvo que por idade se promocióne a outro grupo).

Cabe a posibilidade de que por necesidades técnicas e/ ou organizativas, haxa cambios nos días, horarios e sedes das actividades.

Entenderase que a persoa que non presente solicitude de renovación renuncia a esta.

Calquera dúbida/ información referente ás renovacións solucionarase na Oficina de Deportes do Complexo Deportivo A Fieiteira (981 87 36 46 ; [deportes@ribeira.gal](mailto:deportes@ribeira.gal) ).

## **2. NOVAS MATRÍCULAS**

Do 20 ao 24 de setembro de 2021, as persoas que cumpran os requisitos establecidos, poderán presentar as solicitudes de matrícula a través do rexistro xeral do concello de Ribeira das seguintes maneiras:

- De maneira presencial na Oficina de Atención Cidadá do Concello (atención ao público de 9.30 h. a 13.30 h.).
- De maneira telemática (necesario certificado dixital) no seguinte apartado – **SEDE ELECTRÓNICA – TRÁMITES EN LIÑA – SERVIZO DE DEPORTES – ESCOLAS DEPORTIVAS DE INVERNO**

## **NÚMERO DE CURSOS POR PERSOA**

Pódese solicitar a inscrición en varias actividades distintas, incluso en varios horarios da mesma actividade, pero neste último caso indicando a orde de preferencia (por se fose necesario o sorteo).

## **LISTAXES PROVISIONAIS**

O 28 de setembro de 2021 publicaranse na páxina web do Concello de Ribeira, [www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal), as listaxes provisionais de persoas admitidas para a súa comprobación e corrección se fose necesario (tendo en conta a protección de datos de carácter persoal, publicarase o nº de rexistro de entrada da solicitude).

## **ORDE DE PREFERENCIA**

Se houberse máis solicitudes que prazas dispoñibles nalgún dos cursos, terán preferencia as persoas empadroadas no concello de Ribeira (consultarase o censo municipal), e de persistir a mesma situación, realizarase un sorteo público (o día 30 de setembro, ás 12 horas no salón de plenos municipal).

## **LISTAXES DEFINITIVAS**

O 04 de outubro publicaranse na páxina web do Concello de Ribeira, [www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal), as listaxes definitivas (tendo en conta a protección de datos de carácter persoal, publicarase o nº de rexistro de entrada da solicitude).

Unha vez rematados os prazos e de quedar prazas libres, poderase seguir anotando xente ata que se esgoten as mesmas, estas anotacións faranse só de maneira presencial na oficina de deportes do concello de Ribeira (Complexo Deportivo A Fieiteira).

## **PRAZO E FORMA DE PAGO DAS ACTIVIDADES**

Unha vez rematado o prazo de presentación de solicitudes e publicadas as listaxes definitivas, toda persoa admitida deberá abonar a taxa correspondente, a data límite para facelo pago das novas inscricións será o venres 8 de outubro (as renovacións terán de prazo para abonala taxa correspondente ata o xoves 30 de setembro). Para isto deberase entrar na web municipal [www.ribeira.gal](http://www.ribeira.gal), no apartado **PORTELO DIXITAL – AUTOLIQUIDACIÓNS – AUTOLIQUIDACIÓNS DE TAXAS E PREZOS PÚBLICOS**. Cubrir os datos que se requiren do tributo **“PREZO PÚBLICO DE ESCOLAS DEPORTIVAS DE INVERNO** e facer directamente o pago a través da opción **PAGAR ONLINE** ou **IMPRIMIR RECIBO** e facer o pago na sucursal bancaria ou no seu caixeiro.

## **COMEZO DAS CLASES**

A partir do mércores 13 de outubro.

## **MÁIS COUSAS**

O curso de escolas deportivas de inverno ten un prezo de 58,10 € / curso completo (dende o 13 de outubro de 2021 ata a última semana do mes de maio de 2022).

É imprescindible cumprir o requisito de idade (idade mínima e máxima de cada escola).

No caso de matriculación de varios irmáns en escolas deportivas, aplícase una bonificación do 50% no segundo fillo, sendo gratuítos os restantes.

**\*\* Non haberá descontos a irmáns que participen en máis dunha escola (nas súas segundas e seguintes matrículas).\*\***

Intentarase respectar os horarios nos que se anoten os rapaces e rapazas. A oficina municipal de deportes por motivos técnicos, organizativos, ou de outra índole, resérvase o facultade de reorganizar os grupos e incluso suprimilos se fose necesario.

En caso de non acadar un número mínimo de participación por escola, poderase suspender a actividade.

No momento da inscrición deberase facer unha declaración responsable de que a persoa participantes non padece ningunha enfermidade que a incapacite para a práctica deportiva.

A inscrición en Escolas Deportivas non inclúe seguro médico, o que si está incluído é unha primeira asistencia nun centro concertado. Para poder acceder a esta asistencia haberá que seguir un protocolo establecido (obligatorio comunicación previa).

En caso de falsidade nos datos facilitados para o acceso ás actividades, a persoa solicitante causará baixa sen dereito á devolución das taxas que puidese ter aboadas.

Calquera notificación ou aviso relativo ás “Escolas Deportivas de Inverno 2021/2022” como vacacións, suspensión de clases u outras, farase a través dos taboleiros de anuncios das instalacións deportivas nas que se desenvolven ou na páxina web do Concello de Ribeira.

As escolas deportivas adaptaranse ao calendario escolar que publica a Consellería de Educación da Xunta de Galicia para o curso escolar 2021/2022.

## **OUTRAS NORMAS**

“Regulamento de utilización de instalacións deportivas municipais do Concello de Ribeira”.

“Ordenanza reguladora do prezo público pola prestación de servizos e realización de actividades da Oficina Municipal de Deportes”.

|                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |
|------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------------|
| <p><b>ATLETISMO</b></p> <p>IDADES: Nados entre o 2015 e o 2009.</p> <p>LUGAR: Estadio de atletismo Ana Peleteiro (Fieiteira).</p> <p><b>GRUPO 1:</b> Luns e mércores de 17.30 a 18.30 h. (do 2015 ao 2011).</p> <p><b>GRUPO 2:</b> Luns e mércores de 18.30 a 19.30 h. (do 2010 ao 2009).</p> <p><b>GRUPO 3:</b> Martes e xoves de 17.30 a 18.30 h. (do 2015 ao 2011).</p> <p>PRAZAS: 60 (20 por grupo).</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                   | <p><b>BALONCESTO</b></p> <p>IDADES: Nados entre o 2015 e o 2006.</p> <p>LUGAR: Polideportivo Alcalde Torres Colomer (Palmeira).</p> <p>DÍAS: Mércores e venres.</p> <p><b>GRUPO 1:</b> De 18.00 a 19.00 h. (do 2015 ao 2011).</p> <p><b>GRUPO 2:</b> De 19.00 a 20.00 h. (do 2010 ao 2006).</p> <p>PRAZAS: 24 (12 por grupo).</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                          |
| <p><b>PÁDEL</b></p> <p>IDADES: Nados entre o 2014 e o 2004.</p> <p>LUGAR: Centro de Raqueta Sta Uxía.</p> <p><b>GRUPO 1:</b> Luns de 19.00 a 20.00 h. (do 2009 ao 2006).</p> <p><b>GRUPO 2:</b> Martes de 18.00 a 19.00 h. (do 2014 ao 2010).</p> <p><b>GRUPO 3:</b> Martes de 19.00 a 20.00 h. (do 2009 ao 2006).</p> <p><b>GRUPO 4:</b> Mércores de 18.00 a 19.00 h. (do 2014 ao 2010).</p> <p><b>GRUPO 5:</b> Mércores de 19.00 a 20.00 h. (do 2009 ao 2006).</p> <p><b>GRUPO 6:</b> Xoves de 18.00 a 19.00 h. (do 2014 ao 2010).</p> <p><b>GRUPO 7:</b> Xoves de 19.00 a 20.00 h. (do 2009 ao 2006).</p> <p><b>GRUPO 8:</b> Venres de 18.00 a 19.00 h. (do 2014 ao 2010).</p> <p><b>GRUPO 9:</b> Sábado de 10.00 a 11.00 h. (do 2005 ao 2004).</p> <p>PRAZAS: 72 (8 prazas por grupo).</p> | <p><b>NADA E CORRE</b></p> <p>IDADES: Nados entre o 2014 e o 2006.</p> <p>LUGAR: Complexo Deportivo A Fieiteira.</p> <p><b>HORARIO:</b> Luns de 17.30 a 18.30h. (Carreira) e mércores de 18.30 a 19.30 h. (natación).</p> <p>PRAZAS: 12.</p> <p><b>PATINAXE ARTÍSTICA</b></p> <p>IDADES: Nados entre o 2016 e o 2006.</p> <p>LUGAR: Polideportivo de Sirves.</p> <p>DÍAS: Luns e mércores.</p> <p><b>GRUPO 1:</b> De 17.30 a 18.30 h. (do 2016 ao 2014).</p> <p><b>GRUPO 2:</b> De 18.30 a 19.30 h. (do 2016 ao 2014).</p> <p><b>GRUPO 3:</b> De 19.30 a 20.30 h. (do 2013 ao 2006).</p> <p>PRAZAS: 36 (12 por grupo).</p> |
| <p><b>TENIS</b></p> <p>IDADES: Nados entre o 2014 e o 2006.</p> <p>LUGAR: Polideportivo Municipal de Artes.</p> <p>DÍAS: Martes e xoves.</p> <p><b>GRUPO 1:</b> De 18.30 a 19.30 h.</p> <p><b>GRUPO 2:</b> De 19.30 a 20.30 h.</p> <p>PRAZAS: 24 (12 por grupo).</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                           | <p><b>VOLEIBOL</b></p> <p>IDADES: Nados entre o 2014 e o 2006.</p> <p>LUGAR: Polideportivo Alcalde Torres Colomer (Palmeira).</p> <p>DÍAS: Martes e xoves.</p> <p><b>GRUPO 1:</b> De 19.00 a 20.00 h. (do 2014 ao 2010)</p> <p><b>GRUPO 2:</b> De 20.00 a 21.00 h. (do 2009 ao 2006)</p> <p>PRAZAS: 24 (12 por horario).</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                               |
| <p>O número de prazas ofertadas nas escolas deportivas poderá variar en función da normativa sanitaria vixente en cada momento.</p>                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                                            |